



Con motivo do mes do libro, a Concellaría de Cultura do Concello de Ponteceso organiza para a vindeira semana as seguintes actividades:

### **CONTACONTOS NA GARDERÍA INFANTIL DE PONTECESO**

Acompañía de teatro de títeres Titirimaña representará na escola infantil Galiña Azul de Ponteceso a obra “Pequetecontas”, na que os máis cativos, ao redor duns corenta, gozarán dunhas historias e duns contos moi divertidos e vistosos. A actuación será o mércores 21 de abril ás 11:30 horas.

### **OBRADOIROS DE ANIMACIÓN Á LECTURA**

O luns 19 de abril os/as nenos/as de idades comprendidas entre os 4 e 7 anos poderán acercarse á OMIX de Ponteceso para participar neste obradoiro. O horario da sesión será de 17:30 a 18:30 h., e nela poderán ler, interpretar e xogar ao redor da lectura. Trala actividade serán obsequiados/as cun libro dos Bolechas.

O xoves 22 de abril, na aula municipal de informática en Corme, tamén se impartirá este obradoiro.

CONCELLARÍA DE CULTURA  
CONCELLO DE PONTECESO

